

**Acordo da Comisión de avaliación das probas en competencias clave Nivel 2 pola que se publican os resultados definitivos da proba adicional realizada o 26 de outubro**

Rematado o prazo de reclamacións aos resultados provisionais da proba adicional de avaliación en competencias clave de Nivel 2, convocada pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, de acordo co establecido no artigo 15 da Resolución do 11 de decembro de 2023 (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024) e segundo o disposto no artigo 13.2 de dita Resolución, logo da revisión das reclamacións presentadas, publícanse na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, os resultados definitivos que se recollen no Anexo do presente acordo.

Segundo o artigo 13.3 da dita Resolución do 11 de decembro de 2023, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada contra as cualificacións definitivas no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación das listas definitivas, ante a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.